

ACORDO do 16 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto de liña de alta tensión LAT 220 kV Gato-Mesón e subestación colectora Mesón 220/132 kV (expediente IN408A 2020/145), DOG Núm. 135, de 15 de xullo de 2022. **Prazo para remitir achegas/opinións: 18/07/2022 - 30/08/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220715/AnuncioV0653-200622-0004_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
LAT 220 kV Gato-Mesón e subestación colectora Mesón 220/132 kV (expediente IN408A 2020/145)	Greenalia Wind Power Gato, S.L.U. (CIF: B-70567045)	Oza-Cesuras, Abegondo, Carral e Ordes (A Coruña)	<p>Co fin de evacuar a enerxía eléctrica xerada polos parques eólicos que a seguir se enumeran, todos eles en tramitación e promovidos polo grupo Greenalia, deséñanse a liña eléctrica de alta tensión (LAT) 220 kV Gato-Mesón e a subestación eléctrica colectora (SEC) Mesón 220/132 kV:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Parque eólico (en diante, PE) Pena Ombra (45 MW, nº expediente IN408A 2017/40). • PE Gato (25,2 MW, nº expediente IN408A 2017/04). • PE Felga (21 MW, nº expediente IN408A 2017/19). • PE Monte do Cordal (12,6 MW, nº expediente IN408A 2018/33). • PE Friol (21 MW, nº expediente LU-11/147-EOL). • PE Pena da Cabra (25,2 MW, nº expediente IN408A 2020/33). • PE Penas Boas (16,8 MW, nº expediente IN408A 2018/35). <p>A dita subestación (SEC Mesón 220/132 kV) conectarase tamén á LAT 132 kV SET PE Gasalla-SET colectora Mesón 132/220 kV (obxecto doutro proxecto independente en estado de tramitación), que recollerá a potencia de catro parques en tramitación, desenvolvidos por Green Capital Power, S.L., cunha potencia total de 114 MW. Por este motivo, proxectouse unha plataforma que permita a ampliación da subestación para a futura conexión da dita LAT 132 kV SET PE Gasalla-SET colectora Mesón 132/220 kV e, ademais, deixarase espazo libre adicional por se for preciso no futuro instalar unha posición adicional para conexión de nova xeración.</p> <p>En concreto, algúns dos promotores que empregarán a subestación proxectada son:</p>

• Green Capital Power: PE Monte Inxeiro (38,115 MW, expediente IN408A 2017/25), PE Gasalla (24,255 MW, expediente IN408A 2017/26), PE Abrente (27,60 MW, expediente IN408A 2018/25), PE Legre (37,95 MW, expediente IN408A 2020/97) e PE Solpor (24,00 MW, expediente IN408A 2018/26).

• Adelanta Corporación: PE Braña Ancha (22,4 MW, expediente IN408A 2020/21) e Coto Loureiro (50 MW, expediente IN408A 2018/37).

• Eólica Galenova: PE Pedrarrubia (26 MW, expediente IN661A 1/06).

• Parques eólicos de sociedades relacionadas con Greenalia Wind Power.

Deste xeito, a SEC Mesón recollerá a potencia de diversos parques eólicos de diferentes promotores que obtiveron permiso de acceso á rede de transporte na subestación Mesón do Vento 220 kV (propiedade de REE).

A SEC Mesón 220/132 kV conectarase mediante un tramo de entrada/saída á liña eléctrica LAT 220 kV Campelo-Mesón (obxecto doutro proxecto independente, con nº de expediente IN408A 2018/14 e actualmente en tramitación).

Características técnicas da instalación:

• A LAT obxecto da presente tramitación componse de seis tramos, numerados do I ao VI. Ao ser a vontade do promotor cumprir coas directrices da paisaxe creando corredores eléctricos, coordinouse a planificación e a execución da presente liña coa da LAT 220 kV evacuación PPEE Fontella, Feás e Seselle, nó Abegondo (expediente IN408A 2021/24, actualmente en tramitación), do promotor Galenergy, e propúxose unha solución conxunta en que ambos os promotores comparten os tramos II, III e IV do trazado da LAT obxecto deste proxecto.

• Os tramos da LAT 220 kV Gato-Mesón son os seguintes:

◦ Tramo I: liña aérea de alta tensión (LAAT) 220 kV en simple circuito (conductor A-545 SIMPLEX), con orixe no pórtico metálico situado no interior da SET do PE Gato e final no apoio nº 2, cunha lonxitude aproximada de 161,06 m, que discorre polo termo municipal (T.M.) de Oza-Cesuras.

◦ Tramo II: LAAT 220 kV en simple circuito (A-545 SIMPLEX), con orixe no apoio nº 2 e final no apoio de paso aeroterráneo (PAS) nº 19, cunha lonxitude aproximada de 5.172 m, que discorre polo T.M. de Oza-Cesuras. Neste tramo, os apoios serán de dobre circuito: o circuito SIMPLEX da liña obxecto do actual proxecto e outro circuito A-545 DUPLEX pertencente á LAT 220 kV evacuación PPEE Fontella, Feás e Seselle, nó Abegondo.

◦ Tramo III: liña soterránea de alta tensión (LSAT) 220 kV, con orixe no apoio PAS nº 19 e final no apoio PAS nº 20,

cunha lonxitude aproximada de 1.239 m, que discorre polo T.M. de Oza-Cesuras. Estará composto por un simple circuíto SIMPLEX de condutor RHZ1-RA+2OL(AS) 127/220 kV 1x1.200 mm² Al+T375 Al, en gabia, baixo tubo formigonado, que compartirá canalización cun simple circuíto DÚPLEX de condutor RHZ1-RA+2OL(AS) 127/220 kV 1x2.500 mm² Al+T375 Al pertencente á LAT 220 kV evacuación PPEE Fontella, Feás e Seselle, nó Abegondo.

◦ Tramo IV: LAAT 220 kV en simple circuíto (A-545 SIMPLEX), con orixe no apoio PAS nº 20 e final no apoio nº 31, cunha lonxitude aproximada de 3.472 m, que discorre polo T.M. de Oza-Cesuras. Neste tramo os apoios serán de dobre circuíto: o circuíto SIMPLEX da liña obxecto do actual proxecto e outro circuíto A-545 DUPLEX pertencente á LAT 220 kV evacuación PPEE Fontella, Feás e Seselle, nó Abegondo.

◦ Tramo V: LAAT 220 kV en simple circuíto (A-545 SIMPLEX), con orixe no apoio nº 31 (T.M. de Oza-Cesuras) e final no apoio PAS nº 78 (T.M. de Abegondo), cunha lonxitude aproximada de 12.342 m.

◦ Tramo VI: LSAT 220 kV, con orixe no apoio PAS nº 78 (T.M. de Abegondo) e final na SEC Mesón 220/132 kV (T.M. de Ordes). Estará composto por un simple circuíto SIMPLEX de condutor RHZ1-RA+2OL(AS) 127/220 kV 1x1.200 mm² Al+T375 Al, en gabia, baixo tubo formigonado. Discorre polos termos municipais de Abegondo, Carral e Ordes e ten unha lonxitude aproximada de 3.160 m, dos cales 1.017,91 m transcorrerán pola canalización prevista no proxecto LAT 220 kV Campelo-Mesón, na cal será necesario realizar unha adecuación.

- En toda a liña aérea instalarase cable de fibra óptica OPGW-48 para a protección e as comunicacións, mentres que nas liñas subterráneas se disporá de cable de fibra óptica de tipo monomodo.

- A liña ten unha lonxitude total aproximada de 25.546,06 m, que se reparten entre 21.147,06 m aéreos e 4.399 m subterráneos.

- O tendido aéreo realizarase sobre apoios metálicos de celosía, e o número de apoios proxectados será 78.

- A nova SEC Mesón 220/132 kV, situada nas coordenadas UTM fuso 29 ETRS89: X=551444.8455, Y=4778699.4311, será de tipo convencional e contará:

- Cun (1) transformador de potencia 220/132 kV de 120 MVA.

- Cun (1) edificio principal de control, cunha superficie de 218,25 m².

- Cun (1) edificio de residuos, cunha superficie de 30 m².

- Coas seguintes posicións:

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Unha (1) posición de entrada de liña aérea 220 kV desde a subestación de Campelo. ▪ Unha (1) posición de entrada de liña subterránea 220 kV, desde a SET PE Gato. ▪ Unha (1) posición de barras colectoras de 220 kV. ▪ Unha (1) posición de liña 220 kV con saída aérea cara á subestación Mesón do Vento 220 kV (REE). ◦ Na instalación queda previsto espazo para unha serie de posicións de reserva para posibles futuras ampliacións da subestación. Estas son: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dúas (2) posicións de liña do sistema de 220 kV. ▪ Dúas (2) posicións de transformador. ▪ Dúas (2) posicións de liña do sistema de 132 kV. • O tramo de entrada/saída que conectará a SEC Mesón 220/132 kV coa LAT 220 kV Campelo-Mesón consiste nunha LAAT para a entrada, que constará dun simple circuíto de condutor A-455 DUPLEX de 39,99 m de lonxitude, e unha LAAT para a saída, que constará dun simple circuíto de condutor A-455 TRIPLEX de 43,23 m de lonxitude. Ambos dispoñerán dun cable de fibra óptica do tipo OPGW-48 e dun cable de comunicacións CDS-1214 (ADSS). • Para realizar a mencionada conexión será necesario intercalar o apoio nº 106 bis entre os apoios 106 e 107 da LAT 220 kV Campelo-Mesón, desde o que se realizará o tendido dos vans destensados ata os pórticos de entrada e saída da SEC Mesón, actuación que non se recolle no presente proxecto. • Nin a SET do PE Gato nin as liñas LAT 220 kV evacuación PPEE Fontella, Feás e Seselle, nó Abegondo, LAT 132 kV SET PE Gasalla-SET colectora Mesón 132/220 kV e LAT 220 kV Campelo-Mesón, nin o apoio 106 bis desta última son obxecto de tramitación deste proxecto.
--	--	---

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) das instalacións.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (visado 6.5.2022).

1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.

2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (xaneiro 2022-asinado 25.1.2022).

3. O proxecto sectorial (decembro 2021-asinado 4.2.2022).